

Plano Estratégico da UDC

Diagnóstico Estratégico

Documento PEUDC_D5



Sumario

- O Diagnóstico Estratéxico da UDC
 - O Diagnóstico Estratéxico no Plano Estratéxico da UDC
 - O proceso de Diagnóstico Estratéxico
- Análise DAFO
 - Contidos salientables
 - Análise Externa
 - Análise Interna




O Diagnóstico Estratéxico no Plano Estratéxico da UDC

- Fase 0: Determinación do horizonte temporal
- Fase 1: Formulación da Misión, Visión e Valores e Identificación das Áreas Estratéxicas
 - Áreas: Docencia, I+D+i e Relacións coa Sociedade
- **Fase 2: Diagnóstico Estratéxico: Análise do Entorno e do Interior da UDC**
- Fase 3: Determinación dos Obxetivos Xerais para cada Área Estratéxica
- Fase 4: Determinación de Proxectos
- Fase 5: Implantación e Control




Fase 2: Diagnóstico Estratégico: Análise do Contorno e do Interior da UDC



O proceso de Diagnóstico Estratéxico

Etapas


- Remitiuse aos Grupos de Apoio o cuestionario de deseñado para o diagnóstico interno e externo da UDC
 - Os tres Grupos de Apoio (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade) fórmanas 30 membros
 - A pesares da extensión do cuestionario (208 items), acadouse un 90% de resposta
- A Vicerreitoría de Estratexia e P.E. complementou os documentos incorporados na web da Oficina de Planificación Estratéxica remitindo aos membros das tres Comisións delegadas do Consello de Goberno as análises correspondentes aos seus respectivos Grupos de Apoio
- Os membros das Comisións contestaron ao cuestionario en que se lles preguntaba polas principais ameazas, oportunidades, fortalezas e debilidades da UDC
 - As tres Comisións (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade) fórmanas 21 membros
 - A petición dos membros das Comisións concedeuse unha prórroga nesta fase, xustificada na acumulación de tarefas académicas e de xestión ao final do ano 2005.
- A partir da información anterior, a Comisión de Estratexia elaborou un borrador do cadro resumo das opinións dos membros das Comisións, remitíndollo de novo a eles
- As tres Comisións reuníronse por separado para discutir o borrador anterior
 - Participaron nas reunións o 80% dos seus membros
- A Vicerreitoría de Estratexia e P.E. elaborou un cadro (documento PEUDC_D4*) que foi sometido de novo á revisión dos comisionados
- O documento PEUDC_D4* foi presentado ao Consello de Goberno, que o aprobou sen emendas nin obxeccións na súa sesión do 22 de marzo.



Análise DAFO


Rasgos salientables

- Produciuse unha notabilísima converxencia entre os puntos de vista expresados, non só entre os membros de cada Comisión, senón tamén entre as análises das distintas Comisións, acadándose un documento que é froito do consenso entre todos os participantes.
- Na análise externa da UDC destácanse a competencia con outras universidades e o proceso de integración no E.E.E.S. como os grandes retos aos que a nosa institución se enfronta, e son considerados ao mesmo tempo como as maiores oportunidades e as maiores ameazas.
- No referente á análise interna, pódese constatar que varias das fortalezas teñen que ver coa importancia do ámbito tecnolóxico, dende perspectivas tan distintas como o atractivo do noso mapa de titulacións ou como o impulso das novas tecnoloxías na docencia e na xestión, e que entre os puntos febles dominan os relacionados coa investigación, aínda que as carencias en infraestruturas esténdense tamén a outros ámbitos.




Análise Externa Oportunidades

- **OA1. Competencia con outras universidades**
- **OA2. Proceso de integración no E.E.E.S.**
- O1. Financiamento público procedente da Unión Europea
- O2. Aposta dos poderes públicos pola inversión en I+D+i
- O3. Estabilidade do financiamento público autonómico para o período 2005-10
- O4. Demanda tecnolóxica por parte do sector empresarial próximo
- O5. Necesidade de formación continuada por parte da empresa
- O6. Proximidade dos campus a cidades atractivas
- O7. Existencia de ámbitos culturais, lingüísticos e sociais susceptibles de desenvolvemento
- O8. Evolución experimentada polas TIC's na investigación, a docencia e a xestión
- O9. Desenvolvemento do novo mapa de titulacións de posgrado
- O10. Capacidade de atracción de alumnado latinoamericano



Oportunidades Distribución por áreas




Análise Externa

Ameazas

- **OA1. Competencia con outras universidades**
- **OA2. Proceso de integración no E.E.E.S.**
- A1. Perda de peso do sector industrial na economía galega
- A2. Falta de desenvolvemento do mercado de traballo
- A3. Estrutura do tecido empresarial, dominado polas PEMES, e con pouca inversión en I+D+i
- A4. Débil relación entre o contorno institucional e a Universidade
- A5. Evolución demográfica en Galicia (baixa natalidade e envellecemento da poboación)
- A6. Nivel educativo preuniversitario
- A7. Falta de solo para o desenvolvemento
- A8. Malas comunicacións metropolitanas e exteriores
- A9. Absentismo e baixa participación dos estudantes




Amenazas Distribución por áreas




Análise Interna

Fortalezas

- F1. Localización física da UDC na rexión urbana A Coruña-Ferrol
- F2. Dotación de algunhas infraestrutura singulares (CITEEC, INEF, Club Universitario,...)
- F3. Imaxe da UDC no seu contorno
- F4. Mapa de titulacións competitivo, con titulacións únicas e peso do ámbito tecnolóxico
- F5. Capacidade de atracción de estudantes nun contexto demográfico desfavorable
- F6. Potenciación da calidade mediante a avaliación e os contratos programa
- F7. Potenciación do uso das novas tecnoloxías (TIC) e da universidade virtual
- F8. Identificación e apoio dos grupos de investigación consolidados
- F9. Potenciación da creación de empresas de base tecnolóxica
- F10. Desenvolvemento do Centro de Linguas e o Servizo de Normalización Lingüística
- F11. Acordo sobre a necesidade de potenciar a cultura e a lingua galega
- F12. Inversión en Sistemas de Información para modernizar a xestión



Fortalezas Distribución por áreas



Análise Interna

Debilidades

- D1. Calidade da produción científica
- D2. Capacidade de captación de fondos para I+D+i
- D3. Procesos de xestión pouco áxiles
- D4. Capacidade real de transferencia de tecnoloxía
- D5. Carencias en infraestruturas de investigación, extensión e residenciais
- D6. Escasa mobilidade e relación con grupos de investigación estranxeiros
- D7. Escasa proxección institucional nos medios de comunicación
- D8. Formación en idiomas



Debilidades Distribución por áreas

